



**ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMA DO CONCELLO DE AS NOGAIS (LUGO), VINCULADA AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO. “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO 2024”. EXPTE 45/2024.**

Na Casa do Concello de As Nogais (Lugo), sendo as 09:45 horas do día 28 de maio de 2024, constitúese o Tribunal cualificador nomeado a través de Decreto de Alcaldía 2024-0154, de 22 de maio, do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de xestión en réxime de funcionario interino por programa vinculado ao Plan Deputación de cooperación da Excma. Deputación de Lugo cos Concellos, “Programa de Reforzo do emprego 2024”, conforme ao disposto no Decreto número 2024-0036 e en virtude das Bases publicadas no BOP de Lugo Núm. 105, de 7 de maio de 2024 (Páx 6, R. 1287).

**Constitución do Tribunal Cualificador:**

**Presidente:**

Don Severiano Daniel Vázquez Prado

**Secretaria:**


Dona Ana Belén Alba González

**Vogais:**

Dona María José Espín Fontal

Dona Sandra Díaz Álvarez

Don Julio López Veiga



Dada a presenza tanto da Presidenta como da Secretaria, así como da totalidade de vogais do presente Tribunal, considérase cumprido o requisito para a válida constitución e actuación conforme ás bases da convocatoria.

Ás 10:02 horas comeza o chamamento único das persoas aspirantes, concorrendo os seguintes:

ASPIRANTES ADMITIDOS		
APELIDOS E NOME	DNI	ASISTE
José Luís Franco Pintos	***5486**	NON
Pablo José Lozano Pardiño	***5144**	SI
Andrea Fontal Balboa	***8107**	SI
María Begoña López Gómez	***4280**	SI
María Soledad González Neira	***3043**	SI





Francisco Denís Torrente Pérez

\*\*\*5950\*\*

SI

Á vista do disposto na base 6.1), as probas de coñecementos xerais e específicos correspondentes á fase de oposición son obrigatorias, eliminatorias e de carácter teórico.

Ás 10:06 horas comeza o primeiro exercicio, consistente na realización dunha proba de coñecemento referida aos contidos do temario que figura como anexo a esta convocatoria, a través dun cuestionario de 30 preguntas, cunha duración máxima de 30 minutos. Adoptará a forma de test con catro respostas alternativas, sendo só una delas correcta, valorándose o exercicio con 30 puntos, computando por tanto a 1 punto cada pregunta correcta.

En unidade de acto, sendo as 10:36 horas, o tribunal procede á recollida dos exames tipo test e entrega aos aspirantes o segundo exercicio, consistente en desenvolver por escrito, de forma lexible polo tribunal, no prazo máximo de 60 minutos, un ou varios supostos prácticos propostos polo Tribunal. Neste exercicio, que será corrixido directamente polo tribunal, valorarase a capacidade e formación xeral e coñecementos transversais do programa, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e a calidade de expresión escrita. Este exercicio valorarase ata un máximo de 30 puntos.

Finalizado o segundo exercicio polos aspirantes, o tribunal procede á corrección dos exercicios así como á baremación dos méritos aportados por estes, obtendo os seguintes resultados:

ASPIRANTE	DNI	OPOSICIÓN		CONCURSO (40 puntos)	TOTAL
		EXAME TIPO TEST (30 puntos)	EXAME PRÁCTICO (30 puntos)		
Pablo José Lozano Pardiño	***5144**	24	12	0	36
Andrea Fontal Balboa	***8107**	10	2,5	0	12,5
María Begoña López Gómez	***4280**	14	9,5	8,64	32,14
María Soledad González Neira	***3043**	25	4,5	40	69,5
Francisco Denís Torrente Pérez	***5950**	21	8	7,2	36,2

O Tribunal acorda, por unanimidade dos seus membros:

**Primeiro.-** Aprobar a lista de aspirantes por orde de puntuación do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de xestión en réxime de funcionario interino por programa vinculado ao Plan Deputación de cooperación da Excm. Deputación de Lugo cos Concellos, “Programa de Reforzo do emprego 2024”, conforme ao disposto no Decreto número 2024-0036 e en virtude das Bases publicadas no BOP de Lugo Núm. 105, de 7 de maio de 2024 (Páx 6, R. 1287).





POSICIÓN	ASPIRANTE	DNI	TOTAL
1	María Soledad González Neira	***3043**	69,5
2	Francisco Denis Torrente Pérez	***5950**	36,2
3	Pablo José Lozano Pardiño	***5144**	36
4	María Begoña López Gómez	***4280**	32,14
5	Andrea Fontal Balboa	***8107**	12,5

**Segundo.-** Publicar no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de As Nogais as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes segundo o previsto na base 8.

**Terceiro.-** Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de As Nogais a plantilla de respostas correspondente ao primeiro exercicio.

**Cuarto.-** Conceder un prazo de tres días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio, para os efectos de que as persoas aspirantes poidan formular as alegacións ao desenvolvemento dos exercicios que teñan por convenientes, elevándose a definitiva no caso de non presentarse alegacións dentro de devandito prazo.

E non habendo ningún outro asunto que tratar, levantouse a sesión ás 12:28 horas, de todo o cal por min, Secretaria, esténdese a presente acta, co visto e prace do Presidente.

Documento con firma dixital á marxe.

